



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia da lingua galega

Materia	Historia da lingua galega			
Código	V01G160V01802			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Percorrido sistemático polos principais cambios lingüísticos que levaron do latín ó galego moderno.			

Competencias de titulación

Código				
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos			
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario			
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.			
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.			
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.			
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación			
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.			
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado			
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer e aplicar os conceptos, técnicas, recursos e métodos da lingüística histórica no caso concreto da lingua galega.	A3 A4	B1
Identificar e interpretar procesos de variación e cambio na lingua galega nos niveis léxico-semántico, gramatical e fonético-fonolóxico.	A4 A8	B1 B5

(Re)coñecer, situar e interpretar adecuadamente os grandes cambios léxico-semánticos, morfolóxicos, sintácticos e fonético-fonolóxicos que se produciron no paso do latín ó galego.	A4 A6 A7 A8 A13	B2 B3 B4 B5
Ser capaces de coñecer, situar e caracterizar lingüisticamente os textos galegos de épocas pretéritas.	A4 A6	B3

Contidos

Tema	
1. Historia da lingua galega	1.1. Introducción
2. Estudo histórico do léxico galego	2.1. Léxico galego de orixe prelatina 2.2. Léxico galego de orixe latina 2.3. Léxico galego de orixe poslatina
3. Principais cambios fonético-fonolóxicos no paso do latín ó galego	3.1. O sistema vocálico 3.2. O sistema consonántico
4. Principais cambios morfolóxicos no paso do latín ó galego	4.1. Formas léxicas (eido nominal e verbal) 4.2. Formas gramaticais
5. Principais cambios sintácticos no paso do latín ó galego	5.1. Nivel frástico 5.2. Nivel oracional

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	25	38	63
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	5	20
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	40	44
Traballos e proxectos	4	15	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que desenvolverá o alumnado.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates etc. realizados por relatores/as de prestixio, que permitirán aprofundar ou complementar os contidos da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Empregaranse como complemento da lección maxistral.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballos e proxectos	O docente poderá ter algunha titoría individualizada ou en pequeno grupo co alumnado a propósito dos traballos e proxectos se non abonda coas explicacións, comentarios e indicacións que se dean na aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente recompilará as cualificacións de todas as actividades prácticas que se vaian identificando como avaliáveis.	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Nunha proba escrita despois de acabaren as aulas (proponse a data do 20 de maio), avaliaranse os coñecementos adquiridos ó longo do curso (inclúense os procedentes da bibliografía, das explicacións do docente nas aulas maxistras ou nas aulas prácticas, etc.). Ata un 4% do valor desta epígrafe pódese alcanzar grazas á asistencia participativa nas aulas.	65
Traballos e proxectos	Cada discente elaborará individualmente un traballo escrito seguindo as indicacións do profesor. Terase que expoñer oralmente na aula.	15

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

Asistencia para a avaliación continua: o alumnado deberá asistir a un mínimo do 80% das aulas (tanto das horas teóricas coma das prácticas). Para poder facer media, haberá que superar cada unha das tres tipoloxías de avaliación anteriores. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na avaliación do mes de xullo, na data fixada pola Facultade, aquelas probas que non superasen na avaliación de maio.

O alumnado que opte pola avaliación única, ou que non cumpra cos requisitos para a avaliación continua, poderá superar a materia, tanto en maio (na mesma data sinalada na descrición das probas, cfr. supra) coma en xullo (na data oficial fixada pola FFT), a través dun exame final escrito [65%] e mais dun traballo (seguindo as indicacións do docente) [35%]. Cómpre superar tanto o exame coma o traballo para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

O plaxio ou a copia serán penalizados cun 0 na proba en que se cometan.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico atenderanse no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Corominas, Joan e José Antonio Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos, 1980 (I-III); 1981 (IV); 1983 (V); 1991 (VI).

García de Diego, Vicente (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Santiago de Compostela: Universidade, 1984. Anexo 23 de *Verba* (reed. facs. de: Burgos, Hijos de S. Rodríguez).

González Seoane, Ernesto (dir.) et alii (2006): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Anexo 57 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade. [Contén CD-ROM].

Maia, Clarinda de Azevedo (1997): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: INIC. 1ª ed. 1986.

Mariño Paz, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*. Muenchen: Lincom.

Mattos e Silva, Rosa Virgínia (2001²): *O português arcaico: morfologia e sintaxe*. São Paulo: Contexto. [1994¹]

Monteagudo Romero, Xosé Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Pinkster, Harm (1995): *Sintaxis y semántica del latín*. Madrid: Ediciones Clásicas. [1984].

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dialectoloxía do galego/V01G160V01914

Edición de textos/V01G160V01904
